

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Por Resolución de Alcaldía número 2026-0401, do 11 de xuño de 2026, aprobouse a convocatoria e as bases reguladoras que rexen o procedemento de selección para a cobertura temporal da praza de Asesor/a Xurídico/a que quedará vacante con efectos do día 30 de xuño de 2026, así como para a constitución dunha bolsa de emprego da que formarán parte aqueles/as aspirantes que superen o proceso selectivo.

O 17 de xuño de 2026, publicouse no «Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra» número 114 o anuncio da convocatoria, publicándose as bases íntegras no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.

Rematado o prazo de presentación de instancias e en cumprimento do disposto no apartado sétimo das Bases que rexen o proceso selectivo, mediante Resolución de Alcaldía número 2026-0463, de data 29 de xuño de 2026, aprobouse a lista de aspirantes admitidos/as e provisionalmente excluídos/as en dito proceso selectivo, fixando un prazo de dous (2) días hábiles, contados dende o día seguinte da súa publicación no taboleiro da anuncios da Sede electrónica do Concello de Meis [<https://meis.sedelectronica.gal>] para presentar reclamacións ou emendar erros ou omisións.

Segundo consta no certificado de auditoría, o devandito documento estivo publicado durante 2 días hábiles, e deixou de estalo o 01/07/2026.

Considerando o anteriormente exposto, esta Alcaldía, no uso das facultades que ten atribuídas pola lexislación vixente, e en concreto, polos apartados g), h) e s) do artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Aprobar a lista de aspirantes admitidos/as e excluídos/as en dito proceso selectivo, con indicación das causas de exclusión, quedando como segue:

Praza de persoal laboral temporal por vacante na categoría Asesor/a Xurídico/a		
Persoas aspirantes admitidas		
Núm.	NIF	Nome completo / Rexistro
1	***4732**	DOMÍNGUEZ ÁLVAREZ RICARDO
2	***1127**	ENTENZA MARTÍNEZ LAURA
3	***6257**	GARCÍA-MON BARREIRO MARÍA DEL PILAR
4	***4655**	GARRIDO MUÑOZ MARÍA ISABEL
5	***4154**	NOGUEIRA GONZÁLEZ PABLO RODRIGO
6	***9140**	OUTEDA RIVAS RITA
7	***5816**	PIÑEIRO GONDAR BEATRIZ
8	***1742**	RIVEIRO ÁLVAREZ RAFAEL
9	***0510**	RIVERO GARCÍA MARÍA LUISA
10	***1285**	ROIS MÉNDEZ MARÍA JOSÉ



11	***3149**	SÁNCHEZ DEL CUETO LOSADA ESTHER
----	-----------	---------------------------------

SEGUNDO.- Designar o Tribunal cualificador, composto polos seguintes membros titulares:

- Presidenta: Dna. María Gomez García, Secretaria-Interventora do Concello de A Lama ou persoa que legalmente a substitúa.
- Secretario (con voz e sen voto): D. Roberto Carrodegua Méndez, Secretario-Interventor adxunto do Concello de Meis ou persoa que legalmente o substitúa.
- Vogal: Dna. María del Carmen Carracelas Rosales, Secretaria-Interventora do Concello de Portas ou persoa que legalmente a substitúa
- Vogal: Dna. María del Carmen Rey Romero, técnica de xestión (AEDL) do Concello de Meis ou persoa que legalmente a substitúa.
- Vogal: D. Daniel Rubio Pérez, Arquitecto do Concello de Meis ou persoa que legalmente o substitúa.

A reunión do Tribunal cualificador para baremar os méritos achegados polos aspirantes terá lugar o martes día 7 de xullo de 2026, ás 09:00 horas na Casa consistorial do Concello de Meis.

TERCEIRO.- Ordenar a publicación desta Resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica da entidade [<https://meis.sedelectronica.gal>] conforme ao previsto nas bases da convocatoria, e de forma complementaria, na páxina web do Concello de Meis.

Significar que a publicación desta Resolución e a exposición da lista substitúen a notificación ás persoas interesadas, en conformidade co disposto nas bases de selección aprobadas. Contra a exclusión na lista definitiva de admitidos e as recusacións dos membros do órgano de selección poderanse presentar reclamacións, e emendar erros ou omisións, no prazo de dous días (2) hábiles contados dende o día seguinte á publicación do anuncio contendo a mesma no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Meis.

CUARTO.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno deste Concello na próxima sesión ordinaria que se celebre, de conformidade co preceptuado no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Así o manda e asina a Sra. Alcaldesa-Presidenta, en Meis, na data que figura á marxe deste documento asinado electronicamente, do que a Secretaría toma razón aos únicos efectos de dar fe pública e transcripción ao Libro de Resolucións.

A Alcaldesa
Asdo.: Marta Giráldez Barral

A Secretaria-Interventora
Asdo.: María Gómez García

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

